

## O compromiso de Xosé Conde

**Manuel Zabal Lázaro**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ZABAL LÁZARO, MANUEL (2011 [1991]). “O compromiso de Xosé Conde”.  
*Dorna*: 17, 61-64. Tradución do castelán ao galego de V. C. Pereira. Re-  
edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na*  
*cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/616>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ZABAL LÁZARO, MANUEL (1991). “O compromiso de Xosé Conde”. *Dorna*:  
17, 61-64. Tradución do castelán ao galego de V. C. Pereira.

\* Edición dispoñíbel desde o 12 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## O COMPROMISO DE XOSÉ CONDE

*Manuel Zabal Lázaro*

Xosé Conde viviu na cidade de Ourense os seus derradeiros días, nunha vellez chea de dignidade persoal e creadora, ó abeiro dun reducido grupo de lectores atentos ó viño barbantiño da súa poesía.

A contracapa do seu libro *Os meus cantiles* espárese algúns grans da súa biografía.

Abrimos outro dos seus libros, *España en lonjas*, rematado no mes de setembro do 74 con estes versos:

“... nos iremos sin venia por no llamar de nuevo en ese eslabón que repercute en los arcos distantes de las encrucijadas”.

Pouco tempo despois poñíase en camiño cara a España, aínda que nos versos da súa despedida non dicía onde “nos iremos”. Ós poetas ausentes quedánlles poucas respostas como non sexan as de se quedaren ó pé do camiño, coa necesidade elemental do verso como única contestación. Dígano, senón, Curros, Ferreiro, Tovar ou Valente, os seus coterráns.

O libro *España en lonjas* é unha travesía en folio ilustrada por Barqueiro (o propio poeta) cunha capa hermética que asume na pel toda a fraguiza dos seus adentros. Saía á luz en Buenos Aires, 1975, no mes de xullo, pouco antes do novembro español que xermolaba novos rumbos para a súa historia. Lemos na obertura:

“Tomé las rutas del mar  
y no di vuelta la cara.  
Raíces que me prendían  
arranqué a dentelladas.  
No me contuvo el dolor.  
Nunca sabré si lloraba”.

Así comezaba Xosé Conde o romance do seu extrañamento, escrito cando xa estaba máis preto ca nunca do seu regreso da emigración á que tantos versos lle adicou.

O prólogo é un poema amatorio a Galicia, verdadeiro cántico de posesión, un himno que se crava na primeira páxina:

“... tuve tus verdes montes,  
tuve tus verdes rías...”.

coma un píncaro cinxido de ermo que os ollos de Conde irán barbeitando ó longo das súas páxinas sobre o corpo duro e descarnado da memoria da súa patria.

Seguen tres pasaxes centrais: España, sonetos de paixón e,

ó final, poemas cívicos e de denuncia. En realidade, todo o libro é de tema cívico; aínda que aparezan no seu centro, coma un oasis, os seus sonetos apaixonados que xa se anunciaban de algún xeito no seu prólogo a Galicia. Eis un exemplo do buril do poeta da intensidade:

“Un loco pleamar llena de lumbre  
mi carne en celo. Quedo sin orillas  
y soy al mismo tiempo foso y cumbre”

co que Conde pecha un dos seus sonetos amatorios, Quevedo ó fondo.

O tema de España constitúe unha visión do *hoxe*, do *onte* e do *mañá*. Son as caras dunha mesma moeda vendida ó mellor postor:

— *Onte* da homenaxe póstume na que:

“preguntamos por el hueco del que vivió en la  
rima,  
preguntamos por el Federico de julio”.

De reconstrucción da España libertaria e pacífica que vive lonxe do fanatismo violento do cuartel e da sacristía. De reconstrucción demoníaca da súa historia, verdadeiro himno populista ós homes desposuídos:

“Serán del pescador el mar,  
del campesino el hórreo,  
del pastor la majada”.

— *Hoxe* de proclamación e alerta para lle dar remate a un desgraciado capítulo da España triste; “a hora culminante”, porque xa está a chega-la hora:

“El pueblo combatiente se prepara  
para romper dogales y ametrallar víboras”.

Un hoxe de voos líricos:

“Alma flamígera, flecha desvelada,  
herejía candente, España lírica,  
es tu signo espacial: remóntate”.

no que “se presiente el fin de tus invencieros” de sempre.

Un lostregazo ó dictador:

“¡Fuera, fuera, fuera!  
A patadas por verdugo público,  
en polvareda de todos los caminos”.

— *Mañá* da próxima derrota cando “viene la aurora de la nueva era”, para a volta do manantío:

“Volveremos al quicio del ojo que vigila  
el manantial potable para la sed del pétalo”

para que en “España, toda España” sexa posible o verso:

“Reconquistará el alba su transparencia  
inédita”.

A posibilidade de tal linguaxe, trinta e cinco anos depois das últimas trincheiras, é somentes explicable coñecendo ó autor. Porque a contestación xenérica e razonabale dos manuais da historia da literatura que xustifican no alonxamento e na ausencia prolongada do exilio e da emigración unha visión sincopada da realidade fuxidía e pretérita, non é satisfactoria.

Conde é poeta apaixonado. España está vista por un namorado ciumento. O compromiso cívico do autor reborda os presupostos ideolóxicos, por outra banda ben explicitados. Por enriba da poesía política aletexa a búsqueda da verdade nun mundo, nun país, edificado sobre a cinsa e sobre os pesadelos. Trátase simplemente de chegar á tarefa elemental do poeta: vivir na nosa traxedia cotiá.

O que fai Conde é remexe-los monstros, non invitalos. Reconstruír una conciencia ferida. De aí que a súa poesía esixa simbolismo superrealista, onirismo desesperado, hermetismo alucinante, sacramentalidade vivida. Desespero, loucura, dramas que están e estiveron sempre aí:

“Machacada la España de granito,  
águila, carbón, diamante,  
llamemos a todo por su propio nombre”.

Ata chegar á esgazadura. Á expresión sarcástica dunha adiviña total:

“Y yo no soy de juegos  
ni de marihuanas  
ni de incestos!

.....

¿Sabéis ahora por qué he quedado impuro?”

Irónica adiviña, por outra banda, do home acurrado pola movida, pola crista da onda. Hai que chegar ó esperpento no que “Caronte es un Galeote sin salvavidas para ciertas fotos” e así caer na mascarada.

A gargallada sonora, ensaiada para salva-la verdade agachada:

“y tengamos que seguir buceando para amar  
las raíces”

porque se está a celebra-la cerimonia da confusión:

“cuando todo nos diga que es verdad otra mentira”.

A procura das raíces na que “el ojo es un abismo brutal de interjección que pugna”.

Non, Conde non arrincara as súas raíces a dentadas, como dicía na primeira páxina referíndose á súa patria. A patria do poeta é a súa necesidade de verdadeira emoción. A emoción da soidade na distancia e na ausencia:

“¿Por qué he perdido la voz  
cuando tenía que hablarme  
y he llegado sin querer  
donde no me espera nadie?”.

Versos expresados públicamente no recanto dunha páxina de onde hai que os rescatar como unha das dimensións superiores de calidade poética do autor, se cadra por enriba da súa mesma poesía de proclama.

A emoción do home errantífo nos versos crueis para consigo mesmo:

“...señores, por favor, ya estoy solo,  
asesínenme pronto”

mentres os demais, os outros, “ellos toman café y hablan de negocios”.

A emoción soterrada dun verso agachado case no lampexar da forza e do balbor das paisaxes largacías:

“En la paz culposa del cuarzo está el ideal traslúcido del suicida” tras das que hay que seguir vivindo con dignidade.

Tanta intensidade desencadeada couta ás veces o camiño da lectura.

Impede, por superposición de símbolos, avanzar na solución do seu propio hermetismo. Paixón rebordada, verdadeira esca para o pedernal poético da loita pola forma.

En definitiva, un libro desacougante para quen o abra buscando aloumiños soamente, pois non atopará abeiro axeitado para se acobillar nalgunha sombra sosegada nin respiro a tan intensa furia da natureza creadora. Beiral dun abismo que produce a sospeita de que o mesmo drama poético imponse á realidade, desrealizándoa, coma unha das visións negras que de sempre existiron.

Libro, en suma, necesario para entender ó poeta e máis á súa patria. Primeiro toque e modelación dun presente patético. O compromiso de Conde, coma o de Curros, coma o de Celso Emelio, coma o de Tovar ou Valente, por non saírmonos de Ourense. O compromiso do poeta.

(Traducción: V. C. Pereira)